

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN DE DISCAPACITADOS DA BISBARRA DE MUROS PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA RESIDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NO EXERCICIO 2026

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2026

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade , actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade , no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Ramón Sestayo Lestón con DNI 78784627J, en calidade de presidente da Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (en adiante ADISBISMUR), con NIF G15052137, nomeado na asemblea xeral extraordinaria o 30 de xaneiro de 2023 de acordo co artigo 29 dos estatutos e ao abeiro das funcións establecidas no artigo 34 dos estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

IV. Que ADISBISMUR, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 1982/001192-1, conforme á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

A entidade figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais có número E-0124.

ADISBISMUR é unha asociación sen ánimo de lucro, creada no ano 1982, para traballar pola integración das persoas con discapacidade da comarca, e dende entón esta promovendo a igualdade de oportunidades nestas persoas, a través de actividades como formación, información e asesoramento, emprego, saúde, accesibilidade, ocio e tempo libre.

Os principios polos que se rexe ADISBISMUR son:

- A persoa con discapacidade como centro dos obxectivos.
- Igualdade, diversidade, pluralidade de roles e identidade de xénero para conseguir a plena integración.
- Transparencia en todos os procesos, na xestión de recursos e servizos ofrecidos, no traballo do equipo técnico e na actuación dos órganos de goberno.
- Calidade na prestación dos servizos por profesionais cualificados e especializados, seguindo o modelo de xestión EFQM de excelencia.
- Compromiso social para chegar a consecución dos dereitos das persoas con discapacidade en sinerxía co resto dos axentes sociais do territorio.

- Eficiencia na xestión dos recursos.

- Apoio entre traballadores/as, voluntarios/as e familias para un xeitoso desenvolvemento das actividades fomentando o apoderamento das persoas con discapacidade.

O seu ámbito de actuación principalmente son os concellos de Muros, Outes, Mazaricos e Carnota, aínda que tamén atende a persoas con discapacidade de concellos limítrofes.

ADISBISMUR, dende marzo do ano 2005, está xestionando o Centro de Recursos de Valadares (centro ocupacional e centro de día), no concello de Outes, que na actualidade conta con 48 alumnos/as afectados/as de diferentes discapacidades. No centro préstanse servizos de distinta índole para conseguir e fomentar a autonomía persoal, física e social das persoas que acoden ao mesmo.

V. O Consello Europeo aprobou o 21 de xullo de 2020 a creación do programa NextGenerationEU, como instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus.

O 10 de novembro de 2020, o Parlamento Europeo e o Consello alcanzaron o acordo sobre o paquete de medidas que inclúe os fondos de NextGenerationEU e o Marco Financeiro Plurianual 2021-2027, creándose o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, como instrumento de apoio aos Estados membros a través de transferencias directas e préstamos para incrementar os investimentos públicos e acometer reformas para paliar os devastadores danos producidos pola COVID-19.

O Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sinala que os Estados membros elaborarán plans de recuperación e resiliencia nacionais para acollerse a este e alcanzar os obxectivos establecidos e presentarse formalmente polos Estados, como moi tarde o 30 de abril de 2021.

En virtude da Resolución da Subsecretaría de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do 29 de abril de 2021, publícase o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que define as estratexias a seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación (*Boletín Oficial del Estado* número 103, do 30 de abril de 2021).

As medidas que recolle o dito plan cumpren cos seis piares establecidos polo antedito Regulamento da UE nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e artículanse ao redor de catro eixes principais: a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión social e territorial e a igualdade de xénero. Estes catro eixes de traballo desenvólvense a través de dez políticas panca que integran 30 compoñentes ou liñas de acción, para contribuír a alcanzar os obxectivos xerais do plan.

O Plan de Recuperación articula unha axenda coherente de reformas estruturais que responden ao diagnóstico compartido polas institucións europeas, o goberno español e os principais axentes económicos e sociais, en ámbitos clave para reforzar a estrutura económica e social do país; concretamente, no ámbito dos servizos sociais, aquelas necesarias para a implantación dun estado de benestar moderno que protexa aos cidadáns, garanta o coidado das persoas dependentes, reforce os servizos sociais e proporcione oportunidades vitais ás novas xeracións.

Por Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia do 30 de abril de 2021, aprobouse a distribución territorial dos créditos correspondentes a 2021 para o financiamento de proxectos de investimento das comunidades autónomas, e as cidades de Ceuta e Melilla, no marco do compoñente 22 "Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social" do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Por Resolución da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais do 11 de setembro de 2021, (*Boletín Oficial do Estado* núm. 230, de 25 de setembro de 2021) publicouse o Convenio entre o entón Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia, o cal prevé no seu Anexo III a relación de proxectos a executar.

Por Resolución de 9 de agosto de 2024 e Resolución de 27 de febreiro de 2025, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, publícanse sendas Addendas de modificación do Convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (BOE de 3 de setembro de 2024 e 7 de marzo de 2025 respectivamente).

VI. Este convenio ten como obxectivo o financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade a través da concesión directa dunha subvención pública á ADISBISMUR para a construción dunha residencia para persoas con discapacidade, en Cruceiro de Roo, no Concello de Outes, garantindo a súa accesibilidade física e cognitiva, co fin de transformalo nun espazo de benestar, autonomía e participación activa no entorno comunitario.

Trátase dunha adaptación nunha edificación xa existente, o colexio público Emilio de Navasqües, propiedade do Concello, situado no cruceiro de Roo, no Concello de Outes con referencia catastral 6313001 NH0461S0001XG.

O edificio foi cedido gratuitamente á entidade, iniciouse o expediente por acordo adoptado polo Pleno da Corporación do Concello na sesión do 27 de setembro de 2022 e tras a exposición pública, o acordo pasou a ser definitivo e produciuse a concesión administrativa das instalacións do antigo colexio do Cruceiro de Roo a favor de ADISBISMUR con destino á construción dunha Residencia.

A execución pola entidade das obras de edificación ten como finalidade dotar dunha vivenda habitual as persoas con discapacidade da comarca, que polas circunstancias persoais, familiares e sociais precisen facer uso deste servizo residencial.

O envellecemento dos pais e nais das persoas con discapacidade, fan que xa non poidan atender ao seus fillos e fillas da maneira que o necesitan, e tampouco queren envialos fóra do seu entorno, é por isto que demandan a existencia de recursos na comarca, que promovan, protexan e cubran as súas necesidades.

O centro residencial está deseñado para atender a 24 persoas . No acceso a residencia priorizaranse as persoas que vivan no entorno da comarca, en segundo lugar valorarase o grao de dependencia, quedando reservadas para grao III o 50% das prazas, para grao II o 40% e para grao I un 10%. Tratando de conseguir con isto, unha inclusión e convivencia de persoas con distintos graos de dependencia.

VII. A concesión dunha subvención a través deste convenio encádrase no marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia, dentro do eixe/compoñente 22: Plan de choque para a economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión , medida/investimento I1: Plan de apoios e coidados de longa duración: desinstitucionalización, equipamentos e tecnoloxía, submedida: transformación da rede de coidados de longa

duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos, do Plan estatal de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e no cumprimento da normativa autonómica, estatal e da Unión Europea que regula este tipo de investimentos, e quedan suxeitas, en todo caso, ao cumprimento, execución e realización dos obxectivos do referido plan. Encádrase no proxecto “Renovación ou construción de centros residenciais, non residenciais e de día para adaptar prazas ao novo modelo de coidados de longa duración, - Subproxecto del obxectivo 323 de la Comunidad Autónoma de Galicia”.

A imposibilidade de promover a concorrência pública, ven derivada do propio cumprimento dos fitos e obrigas esixibles dentro o compoñente 22. A ausencia dunha liña de subvencións de concorrência competitiva para o exercicio 2026 pola excepcionalidade das actuacións subvencionadas e os prazos de execución previstos para o cumprimentos dos fitos, fai do convenio de colaboración o instrumento idóneo para o seu financiamento, tendo en consideración que se trata de favorecer e apoiar ás persoas con discapacidade atendendo á necesidade de poder dispoñer dunhas instalacións adaptadas para o acceso ao carácter especializado das actividades concretas que se realizan no centro e a imposibilidade de ser atendidas por outros medios no ámbito territorial referenciado.

Neste marco resultan de aplicación o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como o Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece o instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación, tras a crise da Covid-19 e o dito Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. Así mesmo, resulta de aplicación a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; e o Regulamento (UE, Euratom)

2024/2509 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de setembro de 2024, sobre normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión.

VIII. A xustificación do convenio vén motivada pola necesidade da execución do proxecto que permitirá a construción dunha residencia para a atención de persoas con discapacidade que suporá un aumento dos recursos que cada vez son máis demandados polo envellecemento da poboación, polo aumento das situacións de dependencia, e porque hoxe en día, grande parte das persoas dependentes, carecen de cuidador/a no seu entorno familiar.

A entidade ADISBISMUR constitúe unha entidade social de referencia no seu ámbito territorial, con implantación estable, traxectoria acreditada e especialización técnica na atención a persoas con discapacidade, desenvolvendo a súa actividade de forma continuada e exclusiva no devandito territorio.

Así mesmo, conta cun modelo de intervención especializado, adaptado ás necesidades específicas do colectivo ao que atende, sustentado en equipos profesionais con formación específica, programas de apoio estruturados e axustados a distintos niveis de necesidade, experiencia acumulada na xestión de recursos de atención diúrna, ocupacional e comunitaria, metodoloxías centradas na persoa e orientadas á autonomía e a inclusión social.

Neste senso as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, así como o feito de que a Asociación ADIBISMUR, cun ámbito de actuación principalmente nos concellos de Muros, Outes, Mazaricos e Carnota pero con atención adicional ás persoas con discapacidade de concellos limítrofes é a única entidade que en esa área xeográfica aglutina múltiples servizos destinados á atención de persoas adultas con discapacidade, ofrecendo atención terapéutica, ocupacional, de día, e de rehabilitación.

No presente caso considérase que concorren circunstancias obxectivas que xustifican plenamente a utilización do procedemento de concesión directa desta subvención a favor da entidade ADISBISMUR, por unha banda en atención á natureza do proxecto, ao ámbito territorial afectado e á inexistencia de alternativas reais baixo un réxime de concorrencia competitiva e por outra tendo en conta a implantación territorial de ADISBISMUR, a súa especialización técnica e a súa capacidade operativa o cal xustifica de maneira suficiente e

razoada a singularidade do beneficiario, habilitando legalmente a concesión directa desta Subvención.

IX. Deste xeito, as actuacións a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula segunda, adecúanse ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións resultando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en relación ao artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade dos gastos derivados da construción dunha residencia para persoas con discapacidade por ADISBISMUR, baixo o réxime establecido nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Igualdade con ADISBISMUR a través da concesión directa dunha subvención destinada ao financiamento dos gastos derivados da construción dunha residencia para persoas con discapacidade, en Cruceiro de Roo, Outes.

Ten como finalidade dotar dunha vivenda habitual as persoas con discapacidade da comarca, que polas circunstancias persoais, familiares e sociais precisen facer uso deste servizo. O envellecemento dos pais/nais das persoas con discapacidade, fan que xa non poidan atender ao seus fillos/as da maneira que o necesitan, e tampouco queren envialos

fóra do seu entorno, é por isto que demandan a existencia de recursos na comarca, que promovan, protexan e cubran as necesidades dos mesmos

O centro está deseñado para atender a 24 persoas. No acceso a residencia priorizaranse as persoas que vivan no entorno da comarca, en segundo lugar valorarase o grao de dependencia, quedando reservadas para grao III o 50% das prazas, para grao II o 40% e para grao I un 10%. Tratando de conseguir con isto, unha inclusión e convivencia de persoas con distintos graos de dependencia.

SEGUNDA. Actuacións subvencionables

1. Considéranse actuacións subvencionables os gastos derivados da execución por parte da entidade ADISBISMUR, da construción dunha residencia para persoas con discapacidade

2. En concreto, serán subvencionables as seguintes actuacións:

- a) Demolicións
- b) Estrutura
- c) Cuberta
- d) Albanelaría
- e) Illamento e impermeabilización
- f) Revestimentos
- g) Solados, alicatados e chapados
- h) Instalación do saneamento
- i) Fontanería
- j) Electricidade
- k) Iluminación
- l) Instalacións de ventilación
- m) Instalacións de televisión e rede de datos
- n) Produción foltovoltaica

- o) Instalación de gas
- p) Instalación contraincendios
- q) Telefonía e alarmas
- r) Climatización
- s) Audiovisuais
- t) Carpintería e cerraxería
- u) Carpintería de aluminio e vidros
- v) Ascensor para padiolas
- w) Seguridade e saúde
- x) Xestión de residuos
- y) Control de calidade
- z) Urbanización exterior

3. Considerarase subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) cando non sexa recuperable pola entidade solicitante.

4. Non serán subvencionables os gastos aos que se refire o artigo 29.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como non subvencionables.

TERCEIRA. Orzamento

As actuacións subvencionables financiaranse integramente pola Unión Europea a través dos fondos asignados á Xunta de Galicia con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia mediante o instrumento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, aprobado polo Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco do proxecto a subvencionar a través deste convenio ten previsto realizar ADISBISMUR é de 2.354.947,70 €.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a

Consellería de Política Social e Igualdade achegará un total de dous millóns de euros (2.000.000,00€), que serán imputados á aplicación orzamentaria 08.04.312D.781.0 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o exercicio 2026.

CUARTA. *Obrigas da entidade*

1. Ademais das obrigas recollidas nos artigos 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións, e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable, a entidade beneficiaria desta axuda está obrigado a:

a) Executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención e o cumprimento dos requisitos e das condicións desta ante o órgano concedente.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a consellería da Xunta de Galicia con competencia en materia de servizos sociais, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o cal achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos pola entidade beneficiaria e, de ser o caso, a obtención concorrente doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberase efectuar tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os conceptos financiados con cargo á subvención e a obriga do mantemento da

documentación soporte. O soporte da documentación realizarase nos termos que estableza o Ministerio de Facenda de conformidade coa normativa nacional e da Unión Europea, mantendo os requisitos de pista de auditoría de conformidade co artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e o Consello, do 12 de febreiro.

f) Dar cumprimento á obriga da adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do disposto no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, os perceptores de fondos da Unión deben cumprir coas obrigas de información e publicidade que as autoridades competentes establezan relativas ao financiamento do Mecanismo de recuperación e resiliencia polo que farán mención da orixe deste financiamento e velarán por darlle visibilidade, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado que indique «financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU», en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público. En particular, estarán obrigadas a:

1º. Incorporar nun lugar visible unha referencia expresa a que a construción foi financiada pola Xunta de Galicia (Consellería de Política Social e Igualdade). Esta información debe levar o logotipo oficial da Xunta de Galicia previsto no manual de identidade corporativa (<http://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>).

2º. Destacar, nas actividades que realice, nos materiais que reproduzan e utilicen para a difusión ou publicidade do proxecto, o financiamento efectuado pola Administración Xeral do Estado, de conformidade co establecido no *"Manual de imagen Institucional de la Administración General del Estado"* e a *"Guía para a edición e publicación de páxinas web na Administración Xeral do Estado"*.

3º. Incluír a mención da orixe deste financiamento mediante o emblema da Unión e a declaración <<financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU>>, tal como se reflicte no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

Deberá cumprirse tamén co establecido en materia de comunicación, información e publicidade na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en especial co previsto no seu artigo 9. En particular, compre ter en conta a información recollida no apartado de identidade visual da web do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual> e o Manual de comunicación para xestores e beneficiarios do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, da Secretaría General de Fondos Europeos do Ministerio de Hacienda, dispoñible na seguinte ligazón:

<https://www.fondoseuropeos.hacienda.gob.es/sitios/dgpmrr/es-es/Documents/MANUAL%20DE%20COMUNICACION%20PARA%20LOS%20GESTORES%20DEL%20PLAN.pdf>

Todos os carteis e placas deberán colocarse nun lugar ben visible de acceso ao público.

g) Facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

h) Asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude (<<bandeiras vermellas>>) e asegurar a adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude, a corrupción e previr o conflito de intereses e o dobre financiamento.

i) Respetar o principio de <<non causar un prexuízo significativo>> na execución das actuacións subvencionadas nos termos do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2020/2088.

j) Contribuír ao correcto funcionamento da Base de Datos Nacional de Subvencións en cumprimento do disposto na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, como ferramenta de consulta no procedemento de concesión de axudas, cumprindo adecuadamente coas obrigacións de subministración de información a esta (Real decreto 130/2019, do 8 de marzo).

k) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

l) Conservar os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernente ao financiamento, así como os rexistros e documentos en formato electrónico, durante un período de cinco anos a partir do pagamento do saldo ou, a falta do devandito pagamento, da operación. Este período será de tres anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60 000,00€.

2. Así mesmo, a entidade deberá subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

QUINTA. Documentación previa

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo obxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscripta polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA. Compatibilidade con outras axudas

1. O Regulamento financeiro da Unión Europea e o Regulamento do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia amparan a complementariedade dos distintos fondos e prohiben o dobre financiamento dos mesmos gastos. En particular, o artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 establece que as reformas e investimentos financiados co Mecanismo de Recuperación y Resiliencia poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da

Unión, sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo. A prevención do dobre financiamento eríxese, por tanto, nun principio transversal de obrigatoria consideración na execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2. No caso de percibir outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións.

3. A suma de todas as axudas, ingresos ou recursos destinados ao mesmo fin, en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadas ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, superen o custo total da actuación obxecto da axuda.

SÉTIMA. Gastos subvencionables

1. Son gastos subvencionables os derivados da execución das obras, conforme ao previsto na memoria económica e no proxecto base de execución, previstas no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026, ambos os dous incluídos, tendo en conta a data límite para a súa xustificación.

2. Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados con anterioridade ao remate da data límite para súa xustificación, consonte o establecido no parágrafo seguinte.

3. A data límite para presentar a documentación xustificativa será o 10 de decembro do 2026.

OITAVA. Forma de pagamento

1. Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

a) Efectuarase un pagamento do 80% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

b) O 20% restante farase efectivo unha vez rematada e xustificada a execución das obras subvencionadas aportando a documentación indicada na cláusula novena.

En consecuencia, e dado que ditas condicións de pagamento exceden dos límites previstos no artigo 63.1. un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e conforme ao previsto no artigo 63.3 da dita norma, para a tramitación deste expediente de gasto será preciso autorización do Consello da Xunta.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, no seu caso

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas, a entidade Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros queda exonerado de constituir as garantías previstas no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, segundo o seu artigo 65.4.h).

NOVENA. Xustificación da subvención

1. En aplicación do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data de finalización do período de xustificación que remata o 10 de decembro de 2026.

2. De conformidade co establecido no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, conterá a seguinte documentación:

a) Conta xustificativa que incorpore unha memoria de actuación e unha memoria económica abreviada, con achega de informe de auditoría, de acordo co regulado no artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A memoria de actuación deberá referirse aos mecanismos de verificación do cumprimento do principio de <<non causar prexuízo significativo>> establecidos na cláusula decimo cuarta.

b) A emisión do informe de auditoría axústase ao disposto na Orde EHA/143/2007, de 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos

traballos de revisión de contas xustificativas de subvención, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, e ao disposto neste convenio. A verificación que debe realizar a auditoría de contas terá, en todo caso, o seguinte alcance:

1º. O cumprimento por parte da entidade beneficiaria das obrigas establecidas neste convenio e no resto da normativa que lle é de aplicación na xestión e aplicación da subvención.

2º. A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte da entidade beneficiaria.

3º. A realidade e a regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada pola entidade beneficiaria, foron financiadas coa subvención.

4º. O adecuado e correcto financiamento das actividades subvencionadas.

3. O informe do auditor permitirá obter evidencia suficiente para poder emitir unha opinión sobre a execución dos gastos do proxecto ou actividade subvencionada, conforme estas bases. En todo caso, deberá comprobarse:

a) Que a conta xustificativa foi subscrita polo representante legal da entidade, debendo anexar ao informe unha copia desta verificada pola persoa auditora.

b) Que existe concordancia entre a memoria de actuación e os documentos utilizados para realizar a revisión da xustificación económica.

c) Que o importe xustificado corresponde ao concedido, e que se atopa correctamente desagregado e identificado na conta xustificativa, con indicación das imputacións aplicadas. A revisión abarcará a totalidade dos gastos incorridos na realización das actividades subvencionadas. No caso doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, deberá indicar o seu importe e a súa procedencia.

d) Que o gasto declarado é real e elixible e que está debidamente acreditado e xustificado conforme a normativa vixente. Para os ditos efectos, o informe de auditoría deberá confirmar:

1º. Que os gastos realizados e imputados ao proxecto gardan unha relación directa con este e que son conformes coas normativas autonómica, nacional e comunitaria en materia de elixibilidade de gastos e subvencións.

2º. Que as facturas orixinais ou documentos contables de valor probatorio equivalente que figuran na relación de gastos contan cos datos requiridos pola lexislación vixente, sendo os devanditos gastos realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación, salvo aqueles que pola súa propia natureza deban liquidarse en datas posteriores.

e) Que a entidade beneficiaria utiliza un sistema de contabilidade separada ou codificación contable que permite a inequívoca identificación dos gastos realizados.

f) Que a entidade beneficiaria dispón de ofertas de diferentes provedores, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 xuño, e dunha memoria que xustifique razoablemente a elección do provedor, naqueles casos en que non recaese na proposta económica máis vantaxosa.

g) No informe constará pronunciamento sobre a elixibilidade do IVE imputado ao proxecto e que non é susceptible de recuperación ou compensación.

h) Que existe acreditación documental, material e/ou gráfica a través de fotografías, copias, captura de pantallas, do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.

4. A xustificación comprenderá o custo total do proxecto ou investimento subvencionado de acordo coa última memoria explicativa autorizada e non só a contía da subvención concedida. No caso de actividades financiadas con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá reflectirse na memoria económica que conterá unha relación detallada deles, con indicación do importe, procedencia e aplicación deles ás actividades subvencionadas.

5. Os gastos da entidade terán que adaptarse aos conceptos de gasto consignados na memoria aínda que poderán admitirse desviacións na imputación de cantidades aos conceptos de gasto nunha contía máxima dun 20% do importe da axuda finalmente concedida, sempre que non se modifique a contía total subvencionada nin a desviación se aplique a conceptos de gasto non autorizados.

A entidade asignará un número de orde a cada xustificante de gasto e debe ter en conta que a suma de todos os importes totais correspondentes aos distintos conceptos de gasto

debe xustificar o importe total de cada operación, segundo a memoria adaptada no caso de tela presentado.

6. Recibida a documentación xustificativa da subvención, a Consellería de Política social e Igualdade, antes de proceder ao seu pagamento final, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinaron a concesión da subvención, de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 9/2009, do 13 de xuño, así como o cumprimento do compromiso en relación coa execución de actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, no sentido do artigo 8, punto 2.e) da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

DÉCIMA. Subcontratación

ADISBISMUR é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución total ou parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 100 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, para a súa debida execución, de acordo co recollido na memoria económica. A autorización baséase na necesidade de execución externa das actuacións programadas.

ADISBISMUR, no seu caso, comunicará a subcontratación á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A entidade beneficiaria deberá prever os mecanismos para asegurar que os subcontratistas cumpran cos principios transversais establecidos na Orde HFP/1030/2021 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

DÉCIMO PRIMEIRA. Vixencia, modificación e resolución

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

O convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes mediante a subscripción da correspondente addenda de modificación.

Será causa de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento do seu obxecto.
- b) A imposibilidade sobrevida da súa realización

DÉCIMO SEGUNDA. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

1. Á ADISBISMUR seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e o previsto polas disposicións nacionais e comunitarias en relación co Mecanismo de recuperación e resiliencia e normativa de desenvolvemento.

2. Producirase a perda do dereito ao pagamento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento da actuación, das condicións impostas neste convenio, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na restante normativa aplicable, o que dará lugar, se é o caso, á obriga de reintegrar total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

3. De acordo co establecido no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida calquera incumprimento das seguintes obrigas:

- a) Obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.
- b) Incumprir totalmente o obxectivo, a actividade, o proxecto ou non adoptar o comportamento que fundamentou a concesión da subvención. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción. En calquera caso, a beneficiaria deberá xustificar unha porcentaxe mínima do 50 % do importe concedido; de non acadarse ese mínimo, enténdese que non se lograron os obxectivos propostos, e polo tanto, determinarase a perda do dereito ao cobramento da axuda concedida.

4. No suposto previsto no número 3 do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a exigencia do xuro de demora correspondente.

5. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de pagamento da subvención e para facer efectivo o reintegro a que se refire o número anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

6. Con anterioridade ao requirimento previo da Administración, a entidade beneficiaria poderá realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia ES82 2080 0300 87 3110063172, segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación, e o importe incluírá os xuros de demora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO TERCEIRA. *Identificación do perceptor final pola consellería concedente*

Para dar cumprimento ao mandato establecido no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) 2021/241 e consonte ao artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, a Consellería de Política Social e Igualdade recadará os seguintes datos identificativos da Asociación de Discapitados da Bisbarra de Muros:

- a) NIF da entidade beneficiaria.
- b) Razón social da persoa xurídica beneficiaria.
- c) Domicilio fiscal da persoa xurídica beneficiaria.
- d) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e que puideran afectar ao ámbito obxecto de xestión. (Anexo I)
- e) Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. (Anexo II)

DÉCIMO CUARTA. *Compromiso de non causar dano significativo ao ambiente*

1. A entidade beneficiaria da subvención concedida a través deste convenio deberá garantir o pleno cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» (principio «do no significant harm-DNSH») e a etiquetaxe climática e dixital, de acordo co previsto no Plan de

recuperación, transformación e resiliencia, na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision-CID), do 13 de xullo de 2021, e no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, así como na súa normativa de desenvolvemento, en todas as fases do deseño e execución dos proxectos e de maneira individual para cada actuación.

As reformas e investimentos da compoñente C22 contribúen nun 100% ao obxectivo de integración do clima e nun 40%, ao obxectivo medioambiental, segundo define o ámbito de intervención 026 Renovación da eficiencia enerxética das infraestruturas públicas, proxectos de demostración e medidas de apoio.

2. Esta actuación encádrase no investimento C22.I01 e, contempla obras e polo tanto, resulta de aplicación o seguinte condicionado específico:

a) Polo menos o 70% (en peso) dos residuos de construción e demolición xeradas (con exclusión dos residuos con código LER 17 05 04), prepárense para a reutilización, a reciclaxe e a revalorización doutros materiais, incluídas as operacións de enchido utilizando residuos para substituír outros materiais consonte a xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.

b) Os operadores limitarán a xeración de residuos nos procesos relacionados coa construción e demolición, de conformidade co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE, tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles, e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de substancias perigosas e facilitar a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a eliminación selectiva de materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para residuos de construción e demolición.

c) Os deseños dos edificios e as técnicas de construción apoiarán a circularidade no referido á norma ISO 20887 para avaliar a capacidade de desmonte ou adaptabilidade dos edificios, como estes están deseñados para ser máis eficientes no uso dos recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e a reciclaxe.

d) Os compoñentes e materiais de construción utilizados no desenvolvemento das actuacións previstas nesta medida non conteñan amianto nin substancias moi

preocupantes identificadas a partir da lista de substancias suxeitas a autorización que figura no anexo XIV do Regulamento (CE) nº 1907/2006.

e) Levaranse a cabo as medidas propostas no Protocolo de xestión de residuos da UE, co obxecto de limitar a xeración de residuos durante a construción. Na construción e rehabilitación de edificios e instalacións, terase en consideración as directrices recollidas na Directiva (UE) 2018/844 relativa á eficacia enerxética dos edificios, de cara a que sexan edificios de consumo de enerxía casi nulo.

f) Adoptaranse medidas para reducir o ruído, o po e as emisións contaminantes durante a fase de obra e executaranse as actuacións asociadas a esta medida cumprindo a normativa vixente en canto a posible contaminación de chans e auga.

Como mecanismo de verificación para o cumprimento deste condicionado específico deberá achegarse un certificado da dirección de obra ou da empresa contratista no que se certifique o recollido nos apartados anteriores, do que se deixará constancia na memoria xustificativa da subvención.

DÉCIMO QUINTA. *Comisión de seguimento e control*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada unha das partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no proxecto a subvencionar a través do presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes de ADISBISMUR designadas por cada unha das persoas que representen ás partes asinantes, así como os seus suplentes.

A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración, designado pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de

decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. *Comprobación, inspección e control*

1. A Consellería de Política Social e Igualdade poderá levar a cabo as actividades de comprobación que considere oportunas para controlar o cumprimento das axudas reguladas neste convenio.

2. Sen prexuízo do indicado no número anterior, a consellería poderá realizar, ben con persoal propio ou a través de empresas auditoras, actuacións de comprobación e control para verificar sobre o terreo o cumprimento das condicións para a percepción das subvencións. As comprobacións incidirán sobre todos aqueles aspectos que garantan a realización dos compromisos adquiridos e o cumprimento dos requisitos fixados neste convenio. O persoal encargado da verificación levantará acta da actuación de control, que asinará a entidade á cal se lle entregará unha copia, e presentarlle ao órgano competente da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Igualdade xunto co informe de verificación. A entidade beneficiaria queda obrigada a facilitarlle ao persoal designado para a verificación copia da documentación que se lle solicite relativa ao expediente obxecto de control.

3. Ademais do anterior, todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no Título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento.

Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de control dos Fondos de Recuperación y Resiliencia, e, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e a Oficina Europea de Loita contra a Fraude.

DÉCIMO SÉTIMA. *Medidas antifraude*

1. A detección de feitos que poidan ter sido constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria, serán comunicados ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da

Administración do Estado por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto: <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017 do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, do 6 de abril, sobre a forma en que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea. A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente, tal como se establece no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 20 21, e na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

Así mesmo, a Xunta de Galicia pon ao dispor da cidadanía unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude, que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención a Cidadanía (SIACI). A ligazón á canle de denuncias é a seguinte: <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias> Estas canles garanten o anonimato da persoa denunciante.

2. Serán de aplicación ás actuacións deste convenio as medidas contempladas no Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia e no Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Política Social e Igualdade, dispoñibles en <https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional/plans-antifraude>

3. Ao tratarse dun convenio con entidade beneficiaria determinada xa coñecida aplícase o réxime xeral de conflito de interese da Orde HFP 1030/2021.

Non obstante, os procedementos de concesión de subvencións, que se poidan levar a cabo en virtude deste convenio, estarán sometidos á análise sistemática do risco de conflito de interese que regulan a DA 112ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. A normativa reguladora da subvención vencellados ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia deberán recoller unha cláusula do seguinte teor:

“ANÁLISE SISTEMÁTICA DO RISCO DE CONFLITO DE INTERESE NOS PROCEDIMENTOS DE SUBVENCIÓN QUE EXECUTAN O PRTR

Este procedemento de subvención está suxeito a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese prevista na disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, o órgano competente para a concesión da subvención poderá requirir ao solicitante da axuda a información da súa titularidade real cando a AEAT non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través da aplicación de análise de risco de conflito de interese MINERVA. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá aportarse ao órgano que concede no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través da aplicación MINERVA, o responsable de operación levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de interese, indicando, en lugar do solicitante da axuda, os titulares reais recuperados polo órgano competente para a concesión da subvención.

DÉCIMO OITAVA. Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO NOVENA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 e pola restante normativa reguladora dos fondos NextGenerationEU.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

Todas as cuestións que se susciten en relación co outorgamento da subvención, cumprimento das obrigas inherentes á condición de entidade beneficiaria, a xustificación e o pagamento do importe da subvención, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade. Así mesmo, as cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra estes acordos cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e data da sinatura dixital.

Pola consellería de Política Social e
Igualdade

A conselleira

Pola Asociación de Discapitados da
Bisbarra de Muros

O presidente

Fabiola García Martínez

Ramón Sestayo Lestón